



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

I.E.S. AGRA DE RAÍCES
Rúa Buenaventura Castro Rial s/n
15270 Cee, A Coruña
Telf.: 881 880486 – Fax: 881 880496
ies.agra.raices@edu.xunta.es



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO

PLAN DE ACCIÓN

TITORIAL

IES AGRA DE RAÍCES. CEE.

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. CONTEXTUALIZACIÓN
3. MARCO LEXISLATIVO
4. OBXETIVOS
5. ACTUACIÓNS
6. PROGRAMACIÓN DA ACCIÓN TITORIAL
7. RECURSOS
8. AVALIACIÓN

1.- INTRODUCCIÓN

O marco da acción tutorial é a estrutura coa que organizamos o conxunto de accións de orientación e de seguemento dirixidas a todo o alumnado ao longo da súa escolaridade.

Entendemos por acción tutorial : “a parte da función docente que pretende facilitar o desenvolvemento, maduración, orientación e aprendizaxe de todos e cada un dos alumnos e alumnas do centro a partir do coñecemento e a consideración da súa situación persoal, escolar, familiar e ambiental para que acade as máis altas cotas de desenvolvemento integral que sexan factibles”.

Entendemos por tutoría: “o conxunto de actividades individuais ou de grupo que leva a cabo o titor ou titora responsable dun grupo-clase. Esta tutoría obedece a un Plan previamente consensuado entre o grupo de titores e titoras do mesmo curso, o Departamento de Orientación e a Xefatura de Estudos, tendo en conta as propostas do Claustro de Profesores e a Comisión de Coordinación Pedagóxica”.

O Plan de Acción Tutorial constitúe o marco de referencia do que debe ser a acción tutorial; é dicir, o conxunto de actividades que realizan os titores e titoras co obxecto de personalizar o ensino e atender a outros aspectos do desenvolvemento integral do alumnado.

Deséñase tendo en conta as seguintes liñas de actuación: aprender a convivir, aprender a aprender, aprender a tomar decisións e aprender a ser persoas.

Será o marco no que se desenvolvan as actuacións do profesorado na relación cos alumnos e alumnas e as súas familias, polo que todo o profesorado está implicado na planificación, aplicación, avaliación e revisión deste Plan.

2-. CONTEXTUALIZACIÓN

O IES Agra de Raíces é un centro de ensino público que depende da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, sito na localidade de Cee, provincia de A Coruña.

No centro impártense as ensinanzas da ESO, Bacharelato, nas modalidades de ciencias e humanidades e ciencias sociais, e un ciclo formativo de grao medio de Coidados auxiliares de enfermería da familia profesional de sanidade

O alumnado adscrito ao noso centro é o do CEIP Eugenio López de Cee e o CEIP Santa Eulalia de Dumbría.

Na etapa do bacharelato e do ciclo formativo de grao medio os alumnos e alumnas veñen principalmente dos IES de Muxía, Fisterra e Carnota e do CPR Manuela Rial de Cee.

3-. MARCO LEXISLATIVO

A normativa na que se basea o presente PAT é a seguinte:

- Lei Orgánica 8/2013 , do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Decreto 324/1996 , polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria e se establece a súa organización e funcionamento e a Orde de 1 de agosto de 1997 polo que se desenvolve o Decreto 324/1996.
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 120/1998 , polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia .
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998 .

4-. OBXETIVOS

Partindo das función do profesorado titor recollidas no Decreto 324/1996, de Regulamento orgánico dos Institutos de Educación Secundaria, establécense os seguintes obxectivos específicos estruturados en tres bloques, referidos aos tres ámbitos de actuación da acción titorial: alumnado, profesorado e familias.

4.1 OBXECTIVOS XERAIS

- Ensinar a pensar: que os alumnos e alumnas cheguen a ser capaces de aprender a aprender, de ser conscientes das estratexias que empregan e da súa utilidade en cada ocasión.
- Ensinar a ser persoa: axudar a que alumnado acade un desenvolvemento axeitado da súa identidade, e ao logro dunha autoestima positiva e axustada .
- Ensinar a convivir e comportarse: axudar ao alumnado a saber relacionarse cos demais dunha forma positiva e axeitada.
- Ensinar a decidirse: axudar ao alumnado a ter capacidade para obter información suficiente e relevante e unha actitude reflexiva para poder tomar decisións ante calquera situación que o requira.

Estes obxectivos son principios educativos fundamentais e concretaranse a través de todas as áreas e de forma explícita na acción titorial no seu máis amplo sentido.

4.2 OBXETIVOS ESPECÍFICOS

Referidos ao alumnado

- Proporcionar, no principio do curso, información referente ao calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares, criterios de avaliación do grupo, normas de convivencia, etc.
- Coñecer e valorar as características do grupo de alumnos e alumnas, tanto dende o punto de vista persoal, como no relativo á competencia curricular, ás



estratexias de aprendizaxe, á motivación, aos intereses, ás preocupacións e inquiredanzas, ás relacións persoais, etc., coa finalidade de producir as respostas educativas axeitadas en cada caso.

- Efectuar un seguimento dos procesos de ensino-aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades específicas de apoio educativo co obxectivo de buscar as respostas adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.
- Contribuír á formación integral do alumnado, en sintonía cos principios de tolerancia, igualdade, respecto, solidariedade e paz, e cara á participación razoada e responsable na toma de decisións e na solución dialogada dos conflitos.
- Facilitar a integración do alumnado no grupo-clase e fomentar a súa participación nas actividades do centro.
- Favorecer e potenciar as habilidades persoais e sociais individuais e do grupo.
- Favorecer o proceso de maduración do alumnado, orientándoo e asesorándoo sobre as súas posibilidades académicas e profesionais.
- Informar ao alumnado de todo aquilo que lle afecte en relación coas actividades docentes e o seu rendemento académico e orientalo no seu proceso formativo.
- Controlar as faltas de asistencia, puntualidade e comportamento do grupo.

Referidos ao equipo docente

- Informar ao equipo docente do grupo das características do alumnado, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.
- Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos e alumnas.
- Informar ao profesorado de todo aquilo que lle afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico do grupo-clase.
- Participar na coordinación e seguimento das adaptacións curriculares, medidas de reforzo, ou outras medidas de atención á diversidade necesarias para o alumnado do seu grupo.



- Facilitar a cooperación educativa entre o profesorado e as familias ou responsables legais do alumnado.
- Ter informados á xefatura de estudos e ao resto do equipo educativo das faltas de asistencia, puntualidade e, se é o caso, do comportamento do alumnado do seu grupo.
- Organizar e presidir as sesións de avaliación do seu grupo ,incluída a avaliación inicial para o alumnado de novo ingreso , recollendo a información que se precise e cubrindo os documentos oficiais.

Referidos ás familias

- Fomentar que as relacións entre o centro e as familias sexan fluídas.
- Proporcionar no principio de curso ás familias información referente os seguintes aspectos: calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares; criterios de promoción e titulación no grupo, faltas de asistencia, conducta e puntualidade, necesidade de traer o material, folgas, etc.
- Informar ás familias ou representantes legais do alumnado de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico do alumnado, incluídas as faltas de asistencia, puntualidade e comportamento.
- Promover a participación das familias no labor formativo.

5-. ACTUACIÓNS

Acollida ao alumnado

- A acollida ao alumnado de nova incorporación ao centro iniciárase nos meses de maio /xuño cunha visita do alumnado dos CEIP adscritos e realizarase cunha benvida no Salón de Actos por parte do Equipo Directivo e a Xefatura do departamento de orientación onde se dará a oportunidade para coñecer o centro e a nova etapa educativa a comezar.

- Posteriormente no mes de setembro o titor ou titora conducirá aos alumnos e alumnas do seu grupo á aula para realizar a acollida e presentación .Comunicará o grupo o horario semanal de clases e os nomes dos profesores e profesoras do grupo.
- Levantará acta detallada do estado da aula (parte de estado da aula), insistindo na necesidade do bo coidado da mesma.
- Entregará a cada alumno e alumna unha copia das NOFC contempladas e comentará brevemente as correccións previstas para o incumprimento das normas. Colocarase unha copia do documento que se lles entregue nun lugar ben visible da aula.

O alumnado da ESO terá oportunidade de traballalo posteriormente durante as sesións de titoría presencial.

No caso dos grupos que non teñen sesións de titoría presencial, resultará necesario que nesta xornada de acollida se fixera un repaso dos apartados das NOFC referidos ao alumnado, insistindo nos dereitos e deberes.

Avaliación inicial

A avaliación inicial é fundamental ao comezo de todos os cursos para poder orientar a actividade académica. O profesorado-titor de cada curso velará para que, en colaboración cos equipos educativos, se leven a cabo unha serie de probas co obxectivo de obter unha información que permita establecer o nivel de partida do alumnado e previr posibles dificultades de desenvolvemento ou de aprendizaxe.

Inclúense neste proceso de avaliación inicial de todo o alumnado, a título de orientación, as seguintes actuacións:

- Revisión do historial académico do alumnado de nova incorporación e aportación de datos ao profesorado-titor e equipos docentes para a determinación de posibles necesidades específicas de apoio educativo e medidas de atención á diversidade a aplicar en cada caso (en colaboración co Departamento de orientación).
- Materias instrumentais (responsabilidade de cada departamento):
 - Probas para determinar o nivel de dominio dos contidos mínimos na área de matemáticas.
 - Probas para determinar o nivel de dominio dos contidos mínimos na área de lingua castelá.

- Probas para determinar o nivel de dominio dos contidos mínimos na área de lingua galega.

Ademais destas probas é aconsellable que o resto das materias realizasen as probas pertinentes para determinar o dominio dos contidos mínimos tomando como referencia o currículo establecido para o curso anterior.

- Enquisa sobre aspectos xerais: datos persoais, familiares, de relación social e educativos (responsabilidade do titor ou titora de cada grupo co asesoramento do Departamento de Orientación).

Esta información permitirá realizar a avaliación inicial de cada un dos grupos, e ao mesmo tempo determinar, na xunta de avaliación inicial que se realizará no mes de outubro, se hai casos que precisen dunha avaliación psicopedagóxica (mediante protocolo de derivación ao departamento de orientación) ou dun seguimento máis individualizado.

Xunta de avaliación inicial

Na xunta de avaliación inicial o titor ou titora en colaboración coa xefatura do departamento de orientación do centro aportará os datos dos que dispoña (historial académico, informes psicopedagóxicos, ACS, resultados das enquisas iniciais, posibles problemáticas xurdidas, etc.). Á súa vez, o resto do equipo docente terá que aportar os resultados correspondentes ás probas levadas a cabo nas súas materias.

Nesta xunta de avaliación inicial farase a proposta de alumnos e alumnas que precisan dalgunha medida de atención á diversidade (reforzo, ACS, etc.)

Ademais, nesta Xunta de avaliación inicial o titor ou titora remitirá ao Departamento de Orientación, previa consulta co equipo educativo, as solicitudes de demanda de intervención ao departamento que considere oportunas en función das dificultades que atope no alumnado e tendo en conta os resultados das probas realizadas (Solicitud de derivación ao Departamento de Orientación, según modelo establecido no Plan Xeral de Atención á diversidade).

Xuntas de avaliación: proposta de procedemento a seguir

A Xunta de avaliación está presidida polo titor ou titora do grupo, que será o responsable de tomar a iniciativa nesta reunión. A continuación preséntase un guión do que pode ser a orde do día dunha sesión de avaliación:

- Presentación por parte do titor ou titora dos resultados xerais do grupo nas diferentes áreas ou materias
- Exposición dos resultados grupais da pre-avaliación do grupo.
- Debate e primeiras conclusións.
- Avaliación individualizada.
- Análise dos casos propostos polo titor ou titora.
- Análise doutros casos propostos polo resto do equipo educativo.
- Acordos e decisións sobre os casos particulares, especialmente no seguimento do alumnado obxecto de medidas de atención á diversidade (agrupamentos, reforzo, Adaptacións Curriculares, etc)
- Síntese de acordos e conclusións.

Da Xunta de Avaliación levantarase acta na que se reflectirán os acordos e conclusións que farán referencia fundamentalmente a aspectos:

- Sobre o grupo e a relación profesorado/alumnado.
- Sobre os programas, metodoloxía e a coordinación entre o profesorado.
- A utilidade das medidas de atención á diversidade, reforzo ou adaptación curricular e a necesidade de mantelas, modificalas ou eliminalas.
- Sobre outros aspectos.

Sesións de avaliación (trimestrais)

Para poder levar a opinión do alumnado á Xunta de Avaliación, é preciso facer unha pre-avaliación (comentario das dificultades atopadas por parte do profesorado titor co seu grupo). Material que será aportado polo departamento de orientación.

Sesións de tutoría

As sesións presenciais de tutoría na ESO incluírán, entre outras, as seguintes sesión para todos os grupos e niveis:

- Acollida
- Elección de delegado
- Cuestionarios de datos iniciais
- Hábitos e técnicas de estudio
- Análise das normas de convivencia do centro (NOFC).
- Análise dos resultados das avaliacións (Preavaliación)
- Orientacións para o seguinte curso

Hai que ter en conta que esta programación base poderá modificarse en función das características específicas do grupo de alumnas e alumnos e das circunstancias propias de cada curso, etc.

Para facilitar o traballo nestas sesións de tutoría, organizaranse reunións do profesorado-titor da ESO co Departamento de Orientación, segundo se establece no apartado de coordinación e seguimento incluído neste Plan.

O Departamento de Orientación elaborará o material específico para o traballo nas sesións presenciais de tutoría (e/ou seleccionará materiais editados) coa colaboración do profesorado-titor para que este traballo se desenvolva de forma coordinada en todos os cursos.

O Departamento de Orientación entregará, unha planificación das sesións de tutoría e os materiais necesarios para o seu desenvolvemento ao profesorado-titor da ESO.

A metodoloxía a empregar nas sesións de tutoría procurará ser motivadora, activa, participativa e concienciadora con traballo en pequeno grupo, sen descoidar o traballo individual que tamén debe ter unha presenza importante.

6. PROGRAMACIÓN DA ACCIÓN TITORIAL

6.1 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Favorecer o proceso de adaptación do alumnado, sobre todo dos alumnos e alumnas novos no centro.
- Favorecer o coñecemento e organización do novo curso.



- Valorar as características e necesidades de cada alumno e alumna do grupo.
- Fomentar a integración e a convivencia do alumnado a nivel de grupo e de centro educativo.
- Realizar un seguimento individualizado do proceso escolar do alumnado para detectar dificultades e necesidades especiais co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios
- Favorecer o desenvolvemento persoal do alumnado priorizando a educación en valores e actitudes positivas a través das propias vivencias dos mesmos.
- Ensinar ós alumnos e alumnas técnicas de mellora da aprendizaxe.
- Priorizar a educación en valores a través da vivencia dos mesmos.
- Ofrecer unha orientación académica e profesional axeitada.
- Coordinar a intervención do equipo de profesores/as.
- Potenciar a relación e colaboración familia-escola

6.2 CONTIDOS

PRESENTACIÓN DO NOVO CURSO

- Coñecemento do centro por parte do alumnado novo .
- Coñecemento dos compañeiros e do profesorado.
- Organización da clase.
- Información sobre: calendario escolar, horario de titoría, actividades complementarias e extraescolares que ofrece o centro, etc.
- Particularidades do nivel educativo a desenvolver. Expectativas como grupo.

INTEGRACIÓN E CONVIVENCIA

- NOFC
- Dereitos e deberes dos alumnos.
- Funcións do delegado. Elección de delegado.
- Elaboración dunhas normas propias de aula.

- Habilidades sociais:
 - Habilidades conversacionais
 - Habilidades de solución de problemas interpersoais
 - Expresar emocións e sentimentos
 - Aceptar e rexeitar críticas

- Empatía
- Asertividade
- etc.

DESENVOLVEMENTO PERSOAL

- Autoconcepto e autoestima
- Temas transversais :
 - Educación para a saúde
 - Educación emocional
 - Educación afectivo-sexual
 - Igualdade de xénero
 - Educación ambiental
 - Educación vial

AXUDA AO ESTUDO

- Condicionantes previos
 - Actitude ante o estudo
 - Ambiente externo
 - Hábitos
- Organización do estudo
 - Planificación
- A importancia da lectura.
- Técnicas para traballar a información escrita.
- Método activo de traballo intelectual
- Preparación e realización de exames

ORIENTACIÓN ACADÉMICA

- Coñecemento de si mesmo:
 - Actitudes
 - Capacidades
 - Rendemento
- Información:
 - Sistema educativo
 - Optatividade
 - Saídas ao remate das diferentes etapas e estudos.

TEMAS PUNTUAIS DE INTERESE OU DEBATE

6.3 TEMPORALIZACIÓN

A acción tutorial desenvolverase ao longo do curso académico, repartido nos tres trimestres do mesmo e adaptado aos distintos niveis educativos do noso centro.

7. RECURSOS

Recursos Humanos

A función tutorial forma parte da función docente, polo tanto implica a participación de todos o profesorado pero principalmente dos titores e titoras , coa axuda do departamento de orientación e coa coordinación da Xefatura de estudos.

Contarase con axentes externos que colaboran na atención do alumnado en temas puntuais.

Recursos espaciais

A maior parte da función tutorial desenvólvese nas propias aulas.

Contarase cun espazo adicado a entrevistas cos pais/nais dos alumnos así como un espacio amplo coa suficiente capacidade para acoller a alumnado , profesorado e familias cando a ocasión o requira (salón de actos, biblioteca).

Recursos materiais

O Departamento de Orientación conta con abundante material para o apoio á función tutorial:

- Bibliografía e webgrafía sobre como desenvolver a función tutorial
- Material elaborados polo propio departamento

8. AVALIACIÓN

A avaliación do PAT será continua e formativa e competirá en especial ao Departamento de Orientación e aos profesores titores en coordinación con Xefatura de estudos, pero tamén ao resto da comunidade educativa. Esta avaliación pretende analizar adecuación do PAT, a organización da Acción Tutorial e a implicación dos titores e titoras así como a utilidade dos materiais traballados. A valoración realizarase a través das reunións periódicas cos titores e titoras, de cuestionarios dirixidos aos titores/as e ao alumnado así como nas reunións do departamento de orientación para analizar os datos recollidos e propoñer suxestións e melloras.

8.1 CRITERIOS DE AVALIACIÓN XERAIS

- Grao de consecución dos obxectivos xerais
- Implicación dos axentes da función tutorial
- Coordinación dos axentes da función tutorial
- Espacios e tempos para a acción tutorial
- Recursos para levar a cabo a acción tutorial.

8.2 CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESPECÍFICOS

Criterios de avaliación referidos ao alumnado

- Conservación da aula
- Axuste ás normas estabrecidas
- Grao de cohesión do grupo
- Nivel de participación e integración no grupo
- Mellora nas habilidades sociais e integración
- Autovaloración do/a alumno/a
- Nivel de información académico e profesional
- Adecuada toma de decisión

Criterios de avaliación referidos ao proceso de ensino-aprendizaxe

- Adecuación das programacións
- Individualización e atención á diversidade
- Diversificación de ritmos e instrumentos de aprendizaxe e avaliación
- Adquisición de técnicas de estudo

Criterios de avaliación referidos ás familias

- Grao de información das familias
- Calidade e fluidez nas relacións co centro
- Nivel de participación e colaboración



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

I.E.S. AGRA DE RAÍCES
Rúa Buenaventura Castro Rial s/n
15270 Cee, A Coruña
Telf.: 881 880486 – Fax: 881 880496
ies.agra.raices@edu.xunta.es



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO